

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/15/2019	GOB13I0GZ
6Z6N651C2T0C4O3L1038	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O ONCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE

SRES/AS ASISTENTES:**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**

D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/D^a NATALIA HERMIDA RICO
D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO
D/D^a JOSE OREONA BRA
D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY
D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY
D/D^a M.DEL MAR BLANCO ROCA
D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO
D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO
D/D^a ESTRELLA CASTRILLON VIDAL
D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO
D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO
D/D^a SANTIAGO GALEGO CASTRO
D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ
D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ

NON ASISTEN:

D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO
D/D^a JAVIER MARIA PEREIRA BECEIRO

SRA. INTERVENTORA XERAL:D/D^a M^aDEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ**SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:**D/D^a MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA

Na casa do Concello de Narón, ás 09:15 do once de outubro de dous mil dezanove, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretaria MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, A SECRETARIA SUBSTITUTA.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1 °.- MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN URXENTE DE MEDIDAS QUE SALVEN O FUTURO DA CENTRAL TERMICA DE AS PONTES..

-Lida pola secretaria substituta a moción que di así: O Grupo Municipal do Partido Popular, ante a fonda preocupación que

sentimos en relación coas últimas noticias coñecidas en torno ao peche da Central Térmica de As Pontes que requiren da adopción de medidas urxentes; ao amparo do disposto no artigo 78.2 do *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* solicita, coa sinatura preceptiva dun mínimo da cuarta parte dos concelleiros desta corporación, a convocatoria urxente dun PLENO EXTRAORDINARIO cunha Orde do Día no que se inclúe o seguinte punto:

MOCIÓN PARA A ADOPCION URXENTE DE MEDIDAS QUE SALVEN O FUTURO DA CENTRAL TERMICA DE AS PONTES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A central térmica de As Pontes é o maior grupo de produción de enerxía de Galicia, dá emprego directo a 700 persoas e xera un impacto económico na zona de 80 millóns de euros ao ano.

Desde marzo de 2018 a instalación estaba inmersa na adaptación á Directiva de Emisións Industriais da Unión Europea, comprometendo un investimento de 217 millóns de euros para garantir unha alta eficiencia ambiental e cumprir máis aló dos requisitos desta norma comunitaria.

A Central Térmica acordou a paralización da súa actividade dende hai cinco meses e suspendeu gran parte da execución do investimento previsto, como consecuencia dunha política enerxética desordenada por parte do Goberno de España que avoga polo abandono anticipado do carbón sen dar resposta ás consecuencias en termos de actividade económica e emprego nos territorios afectados, nin en termos de garantías da subministración eléctrica a un prezo competitivo.

Esta situación xa viña sendo moi preocupante polas súas consecuencias sobre os traballadores, empresas e sectores, en xeral, vinculados a esta central, especialmente os transportistas, que levan cinco meses sen poder traballar.

O pasado día 27 de setembro, Endesa comunicaba a discontinuidade da produción das súas centrais térmicas, entre elas, a de As Pontes, é dicir, o seu próximo peche. Esta decisión ten unhas implicacións dramáticas para Galicia, en xeral, e para a comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal, Terra Cha e Mariña Lucense en particular.

Este peche materializaría a perda de centos de empregos nestes Concellos e tería un impacto económico e social cunhas consecuencias dramáticas para estas comarcas. Non podemos tolerar esta situación nin manernos impasibles ante o desmantelamento dun sector económico que xera moita riqueza e do que viven centos das nosas familias e, por iso, debemos amosar a unidade de acción que os nosos veciños se merecen para denunciar este novo castigo e esixir inmediatamente



solucións que garantan o futuro e os empregos e eviten una nova reconversión industrial nesta zona.

É por iso que, o Grupo Municipal Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción dos seguintes ACORDOS:

O Pleno do Concello de Narón amosa todo o seu apoio e solidariedade cos traballadores da Central Térmica de Endesa en As Pontes, coa industria auxiliar e cos transportistas vencellados a ela e co Porto de Ferrol, esixindo do Goberno de España a aplicación de medidas urxentes para garantir a inmediata reapertura da central de As Pontes, e no caso contrario a dimisión da Ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, principal responsable da situación da central pontesa.

Narón, a 30 de setembro de 2019.

-Sr.Castrillón Permuy: bos días. Bueno, primeiramente queremos disculpar ao noso compañeiro Javier que non pode estar hoxe neste Pleno.

Bueno, imos facer un relato de cómo chegamos a esta situación coa central térmica de Endesa nas Pontes, no. A finais de 2016 Endesa anuncia un investimento de máis de 200 millóns de euros na central das Pontes para ampliar a súa vida útil ata o ano 2045 . Insisto de 2045, pero en marzo de 2018 o Consello asesor para a transición ecolóxica de economía do partido socialista liderado por aquel entón pola descoñecida polo gran público, Teresa Ribera, presentou un documento no que se decía claramente que todas as centrais de carbón se deben de pechar antes do ano 2025 e ese mesmo ano, logo de prosperar a moción de censura Pedro Sánchez nomea a Teresa Ribera ministra de transición ecolóxica e aí comeza todo o proceso do peche das centrais térmicas de carbón. En outubro de 2018 o goberno decide retirarlle o chamado céntimo verde ás térmicas de gas pero non ás térmicas de carbón, unha decisión que expulsa de facto do mercado a estas centrais porque deixan de ser competitivas. Unha semana despois, en novembro, o secretario de estado de enerxía don José Domínguez Abascal realiza unhas declaracións nas que lles pon data de peche ás 14 centrais térmicas de carbón españolas. Na súa intervención o número 2 da ministra di que Meirama debe pechar en xuño de 2020 e as restantes en torno ao 2025 – 2030; de golpe entre 15-20 anos menos que o estimaba o plan da empresa .

Me pregunto eu: por que España ten que facer este peche si estaba fixado ata o 2045? Ningún país da Unión Europea ten exposta estas mesmas condicións, é dicir, podemos falar de 8 países que

teñen datas para as súas centrais de carbón: Portugal, Finlandia, Dinamarca, no 2030; Francia fixa no 2022 con este mineral; Irlanda e Italia no 2025 mentres que Holanda faino no 2029 ; Austria, Suiza e Alemania empezan a planificar peche para o 2025 – 2038 e aínda hai 7 países máis que non teñen decidido o seu plan para o peche das súas centrais térmicas como pode ser: Bulgaria, Croacia, Polonia, Rumania, Eslovenia e outros.

Quero dicir que as decisións políticas teñen consecuencias humanas e neste caso, cando hai 3 anos Endesa anunciou un investimento que garantía a actividade ata o 2045, boa parte dos transportistas decidían renovar as súas flotas , os seus camións. Cada camiión destes ten un presuposto entre 140 000 -150 000 euros. Tres anos despois, hoxe, estes transportistas non teñen traballo, non saben o que teñen, pero si teñen medo e moito medo do seu futuro, están en paro e incluso teñen medo de perder a súa casa.

Esos son efectos dunha política irresponsable e intrasixente. Non podemos entender a decisión que se plantexan dende o goberno de España con Galicia para dismantelar a nosa industria en especial nestas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Queremos unha transición enerxética xusta, planificada e ordenada. E me pregunto outra vez máis: por que España ten que ser o país que tome estas decisións? E se despois de tomar estas decisións estamoslle mercando electricidade a Marruecos. Pode decirme alguen que directiva cumple a electricidade marroquí?. Pode decirme por que ese interés, a que responde esto de comprarlle a Marruecos? As administracións, os representantes dos traballadores e os transportistas reclaman a transición ecolóxica e xusta e a que é eléctrica explore todas as vías para que as súas instalacións sigan funcionando.

Estamos preocupados polo cambio climático e a transición ecolóxica pero temos que defender os nosos postos de traballo e a nosa industria. Canta menos enerxía se produza máis subirá o custo eléctrico, por eso é tan incomprendible que outros partidos aplaudan o peche da central das Pontes cando podería funcionar ata o 2045 cumprindo cos requisitos como os do resto de Europa en especial ata que teñan outras alternativas que den capacidade ao funcionamento da planta das Pontes.

-Sr.Sánchez Fojo: bos días a todas e a todos. En primeiro lugar, gustaríame dicir que para min esta moción representa unha falta de ética política por parte do partido que a presenta. O Partido Popular sabía que o luns había unha reunión de todos os alcaldes da comarca de Eume e Ortegal , Ferrolterra e parte da Mariña lucense para tomar unha decisión non só sobre o problema de Endesa senón sobre a situación destas comarcas. Sabendo o Partido Popular que hai unha reunión de alcaldes e imos a ver o que se trata nesta reunión pois se presenta unha moción que foi presentada pola dirección , obrigada pola dirección provincial do partido. Porque en todos se presentou o luns



para esta situación. Me parece unha falta de ética política porque primeiro haberá que esperar ás reunións que teñan os alcaldes porque os alcaldes tamén están de todos os partidos políticos pois tamén terán algo que decir.

Da a casualidade de que os diferentes alcaldes e tenentes de alcalde que había alí só un estivo en desacordo, que era o alcalde de Cervo porque tiña un problema que era o da tarifa electrointensiva e que viña a amañar o seu problema. Pero aparte da exposición de motivos e do que está decindo o portavoz do Partido Popular, home, eu non vou a defender ao PSOE, Dios me libre, por nada do mundo, pero aquí a culpa agora mesmo é de todos, eh. E quero lembrar cando era presidente do goberno o Sr.Felipe González. O Sr.Felipe González vende o 25% de Endesa alá na década dos 90. Pero o peor de todo que puido pasar é que o Sr.Aznar cando estivo de presidente do goberno e lle vende o 66% ao goberno italiano. Que en toda esta exposición de motivos a culpable sexa a ministra de transición me parece un pouco ridículo cando che estou decindo todo esto.

Paro máis inri Endesa non cotiza en España, Endesa cotiza en Italia. Aínda para máis inri. E aquí hai unha serie de persoas, claro que o goberno de España ten culpa, culpa o goberno galego e tamén o Sr.Cañete que é o comisario de enerxía de Europa. E hai unha cousa que é o máis claro, o máximo responsable é Endesa. A min ao mellor Endesa lle vale gastar 217 millóns pero ela sabe que sendo italiano, se en Italia hai carbón vai a cero e actúa en todas as auxiliares que teñen outro sistema vai utilizar tamén o carbón. Entonces, aquí todos están implicados, todos están implicados e cando é a tarifa electrointensiva, cando sexa tratada no Pleno, noutra moción, lle quero dicir unha cousa , a tarifa electro intensiva a pon en marcha o Partido Popular, non sei se saben vostedes que no ano 2017 estando de presidente do goberno o Sr.Rajoy, o custo que teñen que pagar as empresas con tarifa electrointensiva son 300 millóns a maiores das arcas da enerxía.

Entón con todo isto e porque eu entendo que había que esperar a que os alcaldes estudaran ese acordo, non digo que os partidos políticos presenten unha moción, están en todo o dereito e estamos en eleccións, é máis cando foi a reunión de alcaldes se dixo “estamos en eleccións, imos a ser tranquilos” e hai outra cousa : neste Pleno o curso pasado, cando digo o curso pasado digo na anterior lexislatura se presentaron varias veces o que queríamos a tarifa eléctrica galega, presentada inclusive polo BNG e TEGA, se aprobou, se mandou á Xunta pero a tarifa galega non existe, nos están esquilmando? Nos esquilmaron a da Coruña, Meirama, nos esquilmaron As Pontes, nos quitaron o carbón e nos puxeron un lago pero esa era riqueza que tiña Galicia, pero esa riqueza se foi para outros lados, se foi para Madrid inclusive para Italia. Entón cando se fale de

culpabilidades imos a andar con xeito porque a historia ven de atrás e o problema desto tamén o sabíamos, non sabíamos que no ano 1944 cando se crea Endesa , cando se vai a Central das Pontes había carbón para 25 anos, que hai un feixe de anos que o carbón se transporta a través do porto , que casualidade que sabendo todo isto por que non se crea un tren que vaia dende o porto ata As Pontes? Pero que sensibilidade se pode ter facer un porto en Ferrol e outro en Coruña para o carbón porque si vamos a tirar imos a tirar todo, é dicir, se crea un porto en Ferrol que non era para paxaseiros, era para a chatarra e o carbón. Se crea un porto na Coruña para o carbón a Meirama. Onde van eses millóns de cartos queen Europa e que en Galicia podía estar noutro sistema, onde van eses millóns para agora deixar un porto aí? Isto o sabían os gobernos, tanto o do Partido Popular como o do PSOE eh. Isto non é de hoxe para mañá, isto está moi estudiado de cómo hai que facer isto. E por eso, eu quero que cando se digan as culpabilidades se poden dicir todas, e dende logo cunha ministra que vai a haber eleccións e que está en período executivo pedirlle a dimisión, isto é como quen ten ganas de beber e non ten auga. Entonces, nós imos a votarlle á moción que no.

-Sra. Ledo Díaz: hoxe é un día máis. É un día máis onde esperamos ter enriba da mesa solucións e non as temos. As solucións non van vir con mocións, con mocións por suposto... vimos de aprobar unha, nun anterior pleno onde se pedía melloras fiscais a unha empresa que ven de ter un beneficio de 1 500 millóns de euros . Eso é o que acabamos de pedir. Unha empresa que se instalou de maneira pública no ano 78 facendo a central térmica das Pontes por decisións alleas a este país. Para crear industria e extraer materias primas que son finitas da nosa terra para levar enerxía a zonas industriais de fóra, non para crear aquí beneficio e agora queren irse de rosas. Eso é o que está pasando.

Unha empresa que foi pública, como ben se explicou aquí e que Felipe González vendeu e rematou Aznar. Unha empresa con portas xiratorias. Aí está Pedro Solbes, ex ministro de Facenda que foi conselleiro en Enel en 2014, pero aí tamén está Elena Salgado ou tamén está Guindos. Aquí ninguén é inocente. O Estado debe moito a este país. E agora, repito, queremos irnos de rosas. Dende o BNG claro que pedimos unha transición enerxética xusta como pedimos a tarifa eléctrica galega, como pedimos tantas e tantas outras cousas durante estes 10 anos de mal goberno da Xunta de Galicia.

Unha transición enerxética xusta cun modelo como o de Alemania. A Unión Europea ten un plan para as zonas de carbonización onde hai zonas industriais que agora coa transición enerxética ven en perigo postos de traballo e países como Alemania con planes plurianuais e aquí non se está aplicando. Eso tamén é culpa do estado, non só da Xunta pero as culpas son das dúas . Ese capitalismo verde do que falabamos na moción, ese capitalismo verde que fai que Endesa anuncie o peche de Endesa cando nos estamos mobilizando polo clima pero non nos enganemos porque esa empresa é a que pon eólicos na rede Natura .

Aquí ninguén é inocente e polo BNG non vai pasar regalarlle chan industrial que As Pontes non ten a unha empresa. Aquí o que hai que poñer é solucións enriba da mesa. E non agora na crise vir aquí un “totum revolutom” en época electoral. Un Sr.Feijoo, que anuncia hoxe que sae na prensa decindo “temos que chegar a un acordo” isto non pode vir nun plan electoral, díxolle o pote ao caldeiro. Dende o BNG de Narón e de toda a comarca queremos trasladar unha mensaxe de apoio a todas as traballadoras e traballadores, tamén ás empresas transportistas, ás empresas auxiliares.



O BNG non vai permitir nin por activa nin por pasiva que Endesa se vaia de rosas, que se peche sen deixar unha alternativa para o futuro porque a transición enerxética ten que vir con alternativas e aquí nunca se plantexaron. Entonces podemos chegar con titulares, facer mocións pero eso non vale de nada.

Non vale estar na queixa permanente e nós cremos que hai que facer efectivo poñer solucións enriba da mesa nunha triple dirección. Primeiro, un goberno de estado que non autorice un peche acelerado de Endesa. Como ben dixo Guillermo non é culpa só do goberno, é unha empresa que decide pechar, non autoricemos ese peche acelerado; unha mesa de traballo onde as administracións públicas, a Xunta e o Estado, as persoas implicadas nesta comarca e a propia empresa cheguen a solucións e terceiro, un proceso de industrialización como por exemplo, está pasando en Alemania onde hai un plan plurianual para estas comarcas afectadas. Unha vez máis imos tarde. Temos un país que esmorece, está pasando con pemes, con barreras, está pasando con Alcoa, con esa tarifa eléctrica galega que o BNG reclama, que hai noutras comunidades autónomas. De nada vale facer unha moción e contarnos aquí a historia de Endesa. Xa a coñecemos. Todos e todas sabemos ler. O que temos é que poñer solucións. E hai culpábais. Claro que si. Se en vez de facer titulares dedicáramonos a traballar todas e todos mellor nos iría.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, xa vexo que estamos solos defendendo a reapertura inmediata da central térmica das Pontes. Paréceme moi ben que falemos de Felipe González , de Aznar, de todos pero realmente ao fondo da cuestión non entramos porque non nos interesa entrar. Nós estamos pedindo de que se manteña aberta a central das Pontes. E cando queira debatimos de política nacional ou de política europea ou o que sexa..... e ademais estamos defendendo 750 postos de traballo directos e estamos defendendo a moita xente de Narón. Que traballa en Endesa, que traballa nas auxiliares e os transportistas, temos máis de 30 familias vinculadas no transporte.

Eso é o que estamos defendendo aquí hoxe e decimos que por qué se había un plan de empresa que se acordou no 2015 agora temos que cerrar de inmediato cando estaba ata o 2045. Eso é o que nós decimos. E se queremos botarlle a culpa a outros lla votamos . Loxicamente vostedes non lle poden botar a culpa ao PSOE porque é partido de goberno con vos. Entonce non lle pode botar a culpa. Estamos solos, bueno, pois vale. Eu o que sei, que Terra Galega neste caso cando defenderamos cousas do voso país, do voso territorio, pois estaría a favor de que non cerrara Endesa. Eu creo que eso é o importante porque ademais hai moita xente en Narón afectada por esto.

E sobre o BNG me parece moi ben, estamos na oposición, eu non vou entrar en temas profundos pero si che vou dicir que cando estabades en Madrid erades os primeiros en apoiar os presupostos do partido socialista onde militaba Felipe González e compañía. Erades os primeiros. Entonce todos teremos moito que dicir, si, pero aquí estamos falando dun tema moi concreto, da empresa de Endesa e que temos que darlle unha solución e non podemos esperar á reunión dos alcaldes cando leva 6 meses parada Endesa e ninguén fixera nada. E os traballadores estaban esperando e os transportistas estaban en folga, entonce hai que tomar decisións.

E loxicamente ao mellor non gustou que se fixera, pero eu creo que era obriga nosa facelo porque aquí nos plenos anteriores non se fixera nada nin dito nada e asinamos todos, creo, unha Declaración Insitucional na mesma dirección, no mesmo sentido, pero creo que eso non era suficiente porque creo que non se lle deu publicidade suficiente e creo que ao goberno de España,

que non nos equivoquemos, é o que pode arreglar esto, hai que chamarlle a atención, hai que chamar á súa porta, ten que solventar porque si que pode e pode arreglar porque son eles quen regulan o sistema eléctrico, aínda que sexa unha empresa privada, son eles quen o regulan e non enganemos á xente. Porque nos gusta enganar á xente, poñelos de perfil e que veñan outros a ver se o dan solucionado, no. É un tema noso, é un tema que podemos plantexar e que debemos plantexar como outras máis cousas que despois no seguinte pleno poderemos debatir tamén sobre eso.

Polo tanto, nós seguiremos e non imos a quedarnos quietos, seguiremos defendendo que se abra outra vez a central térmica das Pontes. E non podemos pensar doutra forma porque queremos, si que queremos unha transición enerxética xusta, planificada e ordenada como están facendo outros países europeos. Non creo eu que España teña que ser o primeiro país en facer isto porque temos que defender, como dixen antes, os postos de traballo e as nosas industrias que son fundamentais. Se queremos seguir tendo futuro nesta comarca. Porque vemos e tamén falaremos que tamén as fragatas teñen retraso. Polo tanto, nós non podemos permitir que lle den este mazazo ao concello das Pontes e a toda a comarca e non imos a consentir e tamén somos conscientes que Narón tamén o sofre, e moito, este caso. Polo tanto, nós seguiremos votando a favor desta moción que presentamos para eso a presentamos.

-Sra.Ledo Díaz: sobra decir que todo o mundo aquí apoia ás persoas , traballadoras e traballadores. Faime moita graza, ah, o PSOE , o PP e tal. Eu vexo que aquí os únicos que piden esa gran coalición e pactar co partido socialista e o partido popular e nos veñen aquí a contar que os demais facemos cousas que .. bueno, nós os demais falamos e buscamos solucións e menos mal que o BNG vai volver agora ao Congreso dos Diputados e vai ter voz propia este país para poder conseguir cousas como se conseguiron ata o de agora. E non estar “missing” no, como decía Castela no “Sempre en galiza”, perdida, para os que non entendan inglés .

É a nosa obriga esixir un diseño de futuro, claro que si, como levamos esixindo 10 anos para esa transición enerxética. É verdade que hai un plan ao 2045 pero Endesa xa anunciaba que no 2030 ía pechar. E agora resulta que anuncia 10 anos antes que ía pechar pero entón hai que buscar solucións. Repito a transición enerxética xusta pasa por unha por unha descarbonización pero tendo alternativas claro. E que a descarbonización vai ser si ou si, é un recurso finito etc.etc. pero nós temos que poñer alternativas enriba da mesa. Eso é facer política.

Se pensamos que por facer unha moción ou sacar un titular arranxamos moitas cousas, eu por suposto que vou a apoiar a moción que ven despois, a que asinaron todos os concellos, a nosa alcaldesa e alcaldes desta comarca e doutras comarcas. O que non imos a permitir é que veñan aquí a darnos leccións cando por certo, na anterior, no último debate da nación do Parlamento Galego temos un presidente da Xunta que eu creo, ao mellor é do BNG, el non o sabe pero dixo unha cousa que para min foi moi clarividente . Dixo “esto de Endesa en Euskadi non pasaba” . E ten razón, non pasaba. Pero aquí está a Xunta de Galicia co Partido Popular.

-Sr.Sánchez Fojo: eu con vostede podo discutir de política cando queira. Non teño medo a ninguén, cando vaia coa verdade por diante e os políticos fagan o que fan ... pero vostede hoxe nesta moción está falando do estado, non está falando dos concellos, non está falando de Narón, Non está falando das Pontes, está falando dunha política que vostede lle vota a culpa ao Estado e eu lle estou decindo dende o primeiro momento que si pero vostede pon un responsable e agora mesmo o único que vai na moción é que non se peche As Pontes e que si no, se pida a dimisión da ministra.... Pero en que cabeza cabe, que esto non é un produto da Sra.ministra que está agora. Este é un produto das políticas torticeras que levaron o Partido Popular e o PSOE tamén e mire



vostede, eu podo estar gobernando co Psoe no Concello de Narón cuns puntos mínimos, como con calquera outro partido pero a nivel estatal a min nin a nivel galego ninguén me vai quitar a min a miña ideoloxía política e non ando con caralladas de aquí, con caralladas de alá, ando coa verdade. E ando coa nefasta situación que está Galicia, primeiro, por culpa do seu presidente e segundo, por culpa das políticas que durante anos viñeron esquilmando a Galicia, que nos quitaron todos os recursos, nos quitaron os recursos da pesca, nos quitaron os recursos carboneros, nos quitaron e nos puxeron eólicos como decía antes Olaia, Pero en que país estamos vivindo? Cando queira falamos de política pero non se pode facer política torticera e decir neste momento que Narón está mirando por 30 empregados. No, e como veremos na moción seguinte miramos por máis empregos eh. E no me nomee vostede as fragatas. Nesta situación non me nomee vostede as fragatas porque o Partido Popular ten moito que rascar nas fragatas e vostede o sabe.

E espero que no Pleno de hoxe cando estea, non sei si foi a Dirección provincial a que mandou facer esta moción que expulsen aos 3 alcaldes do Partido Popular que firmaron e estaban de acordo con esta moción e que o dixeron na mesa.

-Sr.Castrillón Permyu: bueno, aquí non creo que sexa cuestión de medo nin non de medo, no. A cuestión é a realidade. Aquí estamos defendendo postos de traballo da nosa comarca. E de Narón tamén ou é que Narón non está na comarca, de Narón tamén e de moita xente ademais. A min no me preocupa que sexa de Madrid ou sexa a min o que me preocupa é a xente de Narón, estou defendendo Narón. Isto está aquí planificado... a ministra aquí si ten moita culpa porque esto estaba así dende 1945 ata que entrou esta ministra. Si que ten moita culpa. Agora se non o quere ver e quere irse por outro fío pois vaiase por outro fío pero así é a realidade.

-Sra.alcaldesa: é evidente que este Pleno, creo que todos os grupos defenden eses postos de traballo non só os dos traballadores directos, os indirectos traballadores tamén de Narón. Decir simplemente que nós co que non estamos de acordo non é coa moción en si, é dicir, hai un acordo como ben decía Guillermo de alcaldes, alcaldesas e representantes que estiveron nesa reunión na que aí se decidiu unha declaración institucional, entón nós o que non queremos é desmarcarnos deso. Queremos defender eses postos de traballo evidentemente pero todos xuntos. Dito esto quero que conste en acta. Pasamos a votar esta moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 9

PP: A favor 5

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: En contra 2

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 09:44 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo a secretaria substituta que DÁ FE.

V. e pr.

A ALCALDESA

A SECRETARIA SUBSTITUTA

Marián Ferreiro Díaz

MªAngeles Manteiga Fulgueira